| .Materia | **CIENCIAS SOCIAIS** | Páx. | 1 |
|---|---|---|---|
| Curso / Ciclo | **4º de Educación Primaria** | | |

| **CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)** | | |
|---|---|---|
| **1ª AVALIACIÓN** (1-2)<br><br>**A litosfera:rochas e minerais**<br>Contidos:<br><br>-Observamos as rochas da terra.<br>-Os minerais.<br><br>-Utilizamos materiais terrestres.<br><br><br>Tarefa Competencial:<br>. Os perigos da Terra.<br>. Na cova.<br><br><br>**A hidrosfera**<br>Contidos:<br>-A hidrosfera terrestre.<br><br>-As augas superficiais.<br><br>-As augas subterráneas.<br><br>Tarefa Competencial:<br>. Os ríos de Galicia.<br><br>. Seguimos investigando.<br><br>. Os ríos son unha “fábrica”.<br><br>. Dous experimentos con auga. | **2ª AVALIACIÓN** (3-4)<br><br>**A atmosfera e o clima**<br>Contidos:<br>- A atmosfera terrestre.<br>- O tempo atmosférico e o clima.<br>-O impacto das actividades humanas.<br>- Como nos afecta o cambio climático?<br>- Os factores climáticos.<br>- Os mapas meteorolóxicos.<br>- Representamos o tempo atmosférico.<br><br>Tarefa Competencial:<br>. Construimos una estación meteorolóxica<br>. Recreamos o efecto invernadoiro.<br>. Contaminamos a atmosfera.<br><br>**A poboación**<br>Contidos:<br>- Estudamos a poboación.<br>- A poboación cambia.<br>- Como se compón a poboación.<br>-A poboación en España e en Galicia.<br>Tarefa Competencial:<br>. A Constitución da miña clase.<br>. A educación viaria. | **3ª AVALIACIÓN** (5-6)<br><br>**A península ibérica na Prehistoria.**<br>Contidos:<br>-A historia e as fontes históricas.<br>-A Prehistoria e as súas etapas.<br>-A Prehistoria na península ibérica (I).<br>-A Prehistoria na península ibérica (II).<br>-A Prehistoria en Galicia.<br><br>Tarefa Competencial:<br>. Un cómic sobre a Prehistoria.<br>. A nosa cova ten pinturas rupestres.<br><br>**A península ibérica na Idade Antiga.**<br>Contidos:<br>-Os pobos prerromanos: Os iberos e os celtas.<br>-Os pobos colonizadores do Mediterráneo.<br>-Os romanos na península ibérica (I).<br>-Os romanos na península ibérica(II).<br>-A Idade Antiga en Galicia.<br>Tarefa Competencial:<br>. Os romanos perfeccionaron os mosaicos.<br>. O latín a nosa lingua nai. |

| **OBXECTIVOS** |
|---|
| - Coñecer e describir as distintas capas que compoñen a Terra. |

- Estudar as rochas e os minerais.
- Coñecer a composición da hidrosfera e a distribución das augas no planeta.
- Diferenciar augas superficiais e subterráneas.
- Definir que é un río: elementos e características.
- Coñecer a composición básica do aire.
- Definir a atmosfera e coñecer como varía a súa composición coa altura.
- Estudar a composición da poboación.Cambios e movementos migratorios.
- Afianzar as ideas temporais de pasado, presente e futuro.
- Afianzar o coñecemento das fontes históricas.
- Coñecer datos sobre a Prehistoria
- Coñecer unidades para medir tempos longos e aplicar as equivalencias entre elas.

## METODOLOXÍA

- A metodología será activa , participativa e globalizadora, favorecendo a integración dos alumnos/as na dinámica xeral da aula para a adquisición das aprendizaxes.
-Arbitraranse dinámicas que fomenten o traballo en grupo, partindo do noso contorno.
-A linguaxe utilizada será clara e sinxela e a gradación das actividades fará que aparezan en último lugar as que requiren maior esforzo.

## CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación practicarase da seguinte maneira:
**Individualizada:** centrándose na evolución de cada alumno/a, e na súa situación inicial e particularidades.
**Cualitativa :** onde se aprecian e avalían de forma equilibrada os distintos niveis de desenvolvemento do alumno/a. .
**Orientadora :** achegando ao alumno/a a información precisa para mellorar a súa aprendizaxe.
**Continua :** con diversos momentos de aprendizaxe pasando por unha fase inicial que nos achega datos acerca dos coñecementos previos de cada alumno/a.
**Os instrumentos a utilizar**: a observación directa do traballo diario da clase, reproducir esquemas por escrito e fichas de avaliación para comprobar a adquisición de coñecementos.